


**CONCELLO  
DE VIGO**



VIGO  
EN GALEGO



# DOSSIER DE CONTIDOS

---

**ESCRITA CREATIVA  
NIVEL 1 | 30 horas**

## Obxectivos xerais

Fomentar a práctica da escrita creativa como ferramenta de expresión persoal, estimular o desenvolvemento do pensamento literario, fortalecer a competencia comunicativa e promover activamente o uso da lingua galega como canle de creación, experimentación estética e construción da voz propia.

## Obxectivos específicos

- Estimular a creatividade e a escritura espontánea a través de consignas abertas e facilitar un espazo de creación no que predomine a liberdade formal e temática.
- Achegar ás persoas participantes ás técnicas e elementos básicos da narrativa e da poesía, a través de exercicios prácticos, revisións colectivas e a achega dunha selección de textos literarios e/ou técnicos que sirvan como exemplo dos contidos teóricos tratados na aula.
- Potenciar a lectura crítica e a capacidade de ofrecer e recibir retroalimentación construtiva, aprendendo a escoitar e a ser escoitado/a con respecto, claridade e criterio literario.
- Tomar contacto coas ferramentas técnicas da escrita: a construción de escenas, o desenvolvemento de personaxes complexos, a arquitectura narrativa, o uso da linguaxe simbólica e a reescrita consciente.
- Crear unha comunidade literaria na que poñer en valor a diversidade de voces e estilos.

## Número de horas totais

**30 horas** (distribuídas en 12 clases de 2,5 horas cada unha)

## Contidos

1. O folio en branco: introducción á escrita creativa.
2. A estrutura narrativa: de Aristóteles a Virxinia Woolf.
3. A voz que narra: diferentes perspectivas, aplicacións e finalidades da voz narrativa.
4. A creación do personaxe: técnicas e referentes literarios.
5. Espazos que gardan cousas: a ambientación como elemento descritivo.
6. A memoria e o corpo: a creación e manexo da descripción como elemento vivo da narración.
7. Atravesar a fronteira do poema: a imaxe como punto de inicio e fin do texto poético. A sonoridade e a emoción no texto. O haiku. A polaroid.
8. E agora, que digo?: a creación de diálogos e o seu peso na narración.
9. Seguirmos o fío de Ariadna: unha achega lixeira á planificación do relato breve.
10. Se eu escribise esta historia... : revisitar un texto clásico e re-crealo.
11. O que queda oculto: outras formas de creación poética.
12. A voz que permanece: como traballar sobre o texto para dar coa súa versión definitiva.